

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Anuncio de aprobación dos padróns fiscais e matrícula: IBI e IAE

Aprobación Padróns Fiscais. Segundo período de recadación 2019: IBI e IAE.

Con data 04/09/2019, a Alcaldía en decreto nº 2329/2019, ditou a seguinte resolución:

<< Vistos os Padróns do Imposto sobre Bens Inmóbles, nas súas modalidades de Urbana, Rústica e de Características Especiais, remitidos pola Xerencia Territorial do Catastro, correspondentes ao exercicio 2019, e a Matrícula definitiva do Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio 2019, remitida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Visto que en data 12/08/2019 se ten emitido resolución nº 2197/2019, por esta Alcaldía, aprobando os devanditos Padróns. A devandita resolución contiña un erro no importe do Padrón Fiscal do Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza rústica, polo que se ditou a resolución nº 2219/2019, do 19/08/2019, enmendando o dito erro. Posteriormente a esta última resolución, tense detectado que o aplicativo informático de xestión tributaria, en fase de implantación, cometeu un erro na contificación do Padrón do Imposto sobre Actividades Económicas, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Corrixir os erros detectados na resolución nº 2197/2019, do 12/08/2019, e, polo tanto, aprobar os Padróns Fiscais do Imposto sobre Bens Inmóbles, nas súas modalidades de Urbana, Rústica e de Características Especiais, e do Imposto sobre Actividades Económicas, correspondentes ao período impositivo de 2019, no que figuran as liquidacións tributarias correspondentes a cada suxeito pasivo, dacordo cos seguintes datos:

1.- Imposto sobre Bens Inmóbles de Características Especiais:

Importe total posto ao cobro do Padrón: 209.662,26 €

2.- Imposto sobre Bens Inmóbles Urbanos:

Importe total posto ao cobro do Padrón: 5.058.075,42 €

3.- Imposto sobre Bens Inmóbles Rústicos:

Importe total posto ao cobro do Padrón: 770.766,86 €

4.- Imposto sobre Actividades Económicas:

Cota municipal: 202.579,16 €

Recargo provincial: 50.645,23 €

Total posto ao cobro do IAE: 253.224,39 €

Segundo.- Que se proceda á exposición pública dos devanditos Padróns durante o prazo dun mes, a contar desde a publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Durante o devandito prazo, os interesados poderán examinar os Padróns no Servicio de Xestión Tributaria do Concello, a fin de comprobar a exactitude dos datos que lles afecten.

Terceiro.- Contra o acto de aprobación dos Padróns e as liquidacións incorporadas ao mesmo, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á finalización do período voluntario de cobranza.

Cuarto.- Establecer o período voluntario de cobro das liquidacións resultantes deste Padrón, que abranguerá desde o día 16 de setembro ao día 20 de novembro do 2019. Durante este período os contribuintes poderán facer o pagamento das correspondentes débedas nas oficinas da Recadación Municipal, sitas na rúa Camiño Novo nº 7, entreplanta Galerías Comerciais, en horario de luns a xoves, de 09:00 a 13.30 horas, polas mañás, e de 16:00 a 18:30 horas, polas tardes, e os venres, de 08:00 a 14:00 horas, en horario de mañá.

Os recibos domiciliados pasaranse ao cobro a partires do día 16 de outubro do 2019.

Os recibos non domiciliados deberán ser aboados en efectivo.

Transcorrido o dito prazo, iniciarase o período executivo, que determina o devengo do recargo de constriximento e os intereses de demora, segundo o previsto no artigo 28 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro. O recargo será dun 5% ata que se reciba a notificación da providencia de apremio, do 10% unha vez recibida a mesma e ata o fin do prazo voluntario en vía executiva, e do 20% unha vez transcorrido dito prazo.

Quinto.- Déase conta do presente acordo ao Servizo de Contabilidade, para que se faga o recoñecemento do dereito pola suma das cotas municipais a cobrar, e ao Servizo de Tesourería, co fin de que se faga o correspondente cargo ao Recadador Municipal.>>

Carballo, 4 de setembro do 2019.

O ALCALDE,

Asdo: Evencio Ferrero Rodríguez

2019/7183